

## **PROVIDENCIA DE NON ADMISIÓN**

**PRIMEIRO.-** Con data 9 de Marzo de 2020, Dona AAAA, Dona BBBB, Don CCCC e Don DDDD, en calidade de socios do XXXXXX, presentaron Recurso impugnando a acta da asemblea ordinaria do Club de data 11 de febreiro de 2020.

Denuncian que se cometeron na citada asemblea distintas irregularidades tanto formais coma materiais. Dentro das formais, denuncian que a Asemblea celebrouse en única convocatoria sen o quorum necesario; que non se identificou aos presentes na mesma, descoñecéndose si todos os asistentes eran socios ou non e si, polo tanto, tiñan ou non dereito a voto, o que invalida todos os acordos que se adoptaron. Denuncian tamén o recuento de votos, que consideran que non se fixo conforme aos estatutos.

Consideran ademais, que non se deixou aos socios expresarse con plena liberdade, xa que varios deles intentaron impugnar a lectura da acta da asemblea anterior sen poder facelo, quedando aprobada a mesma.

Afirman que, ao parecer, existiu unha asemblea extraordinaria o día 30 de maio de 2019 e que non teñen constancia dela.

Denuncian que non se lle facilitou a documentación necesaria para facer consultas na asemblea do 11 de febreiro referida, a pesares de que se solicitou previamente mediante burofax.

E por último, impúgnase o punto 2 da acta da asemblea de 11 de febreiro de 2020, na que se nomea coma vicepresidente a Don EEEEE, por darse de baixa na Consellería de Deportes de Vigo con carácter previo, en concreto, en data 3 de febreiro de 2020.

Por todo elo, impugnan na súa totalidade a acta da asemblea de 11 de febreiro de 2020, incluíndo a súa convocatoria e celebración, a súa votación, solicitudes e propostas.

**SEGUNDO.-** Antes de acordar a admisión a trámite do Recurso é preciso analizar a competencia do CGXD para o coñecemento da cuestión plantexada atendendo ás materias establecidas no artigo 93 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

Visto o acordo obxecto do Recurso, entendemos que as cuestións obxecto do Recurso non entran no ámbito de competencias propias deste Comité, ao referirse a cuestións internas do Club ao que pertencen en calidade de socios os recorrentes, pois o que denuncian son cuestións formais do funcionamento da asemblea do club que deben ser analizadas en base as súas normas internas, non estando ante unha conduta propia do réxime disciplinario deportivo que entre dentro das competencias deste Comité.

En consecuencia, é de aplicación ao caso o artigo 46.5 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia que remite a Xurisdición Civil a resolución de este tipo de conflitos, establecendo que:

*“Os conflitos internos que poidan xurdir no ámbito dos clubs deportivos e que non estean previstos no ámbito do réxime disciplinario deportivo teñen natureza puramente asociativa e de ámbito civil, sen prexuízo da posibilidade de sometelos á arbitrase nos termos previstos no título VII desta lei.”*

**TERCEIRO.-** Visto o exposto, este Comité entende que debe acordarse a non admisión a trámite do Recurso ao referirse a cuestións propias da organización interna dunha asociación de carácter privado sobre as que non ten competencia este Comité, debendo interporse o Recurso contra a acta da asemblea ante a Xurisdición Civil, en tanto é a competente para resolver as cuestións plantexadas.

Contra esta providencia pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da mesma, de

conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Don XXXXXXXXX, secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICA:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 13 de abril de 2020, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela, a 13 de abril de 2020